



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LARACHA, A

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do Programa Harmoniza: Conciliando na Laracha

O Pleno do Concello da Laracha en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de setembro de 2026, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza vixente reguladora do Programa Harmoniza: Conciliando na Laracha.

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 56 do Texto refundido de réxime local, sométese a información pública e audiencia dos interesados, polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas,

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, para que formulen as alegacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 49 c) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, procedéndose á publicación á que fai referencia o artigo 70.2 desta lei.

A Laracha, 18 de setembro de 2026

O Alcalde

José Manuel López Varela

2026/6082